



FJLA/tll

Asunto: Resolución de autorización de axencia de colocación

Remítolle resolución de autorización de axencia de colocación da entidade
FEAFES GALICIA

Código de Axencia de Colocación: 1200000022

Santiago de Compostela, 08 de novembro de 2013

O xefe de sección de Formación e Documentación




Francisco Javier López Álvarez

REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
REXISTRO DE TRABALLO E BENESTAR
SANTIAGO DE COMPOSTELA

SAÍDA 18771 / RX 710021

Data 08/11/2013 13:01:42



FEAFES GALICIA
R/ Belgrado nº 1 Baixo
15707 Santiago de Compostela
A Coruña



RESOLUCIÓN DE AUTORIZACIÓN DE AXENCIA DE COLOCACIÓN

N.º Expediente: 2013/021

N.º Identificación de Axencia de Colocación: **1200000022**

FEAFES GALICIA

R/ Belgrado nº 1 Baixo

15707 Santiago de Compostela

A Coruña

VISTA a solicitude presentada o 07 de outubro de 2013 ante este Servizo Público de Emprego de Galicia, de acordo co previsto no Real decreto 1976/2010, do 30 de decembro, polo que se regulan as axencias de colocación, pola entidade FEAFES GALICIA, con domicilio en R/ Belgrado nº 1 Baixo 15707 Santiago de Compostela e con NIF/CIF: G15 545 353 e despois de considerarse os seguintes

ANTECEDENTES

- 1.- A entidade solicita a súa autorización como AXENCIA DE COLOCACIÓN
- 2.- A entidade achega a documentación requirida que, debidamente examinada, encóntrase conforme.
- 3.- Para os efectos de valorar a concesión desta autorización tívose en conta a información e documentación achegada pola entidade e que cumpre os requisitos mínimos respecto a:
 - Solvencia técnica de abondo para desenvolver a actividade de intermediación.
 - Centros de traballo adecuados, tendo en conta a súa dimensión, equipamento e réxime de titularidade destes.



- Experiencia mínima previa dun ano en execución de programas de emprego e/ou xestión de recursos humanos referida a:

- a). a entidade solicitante.
- b). os promotores.
- c). polo menos o 50% do persoal técnico

4. - Solicitouse informe á Xefatura Territorial de A Coruña, para inspeccionar, con carácter previo á autorización, as instalacións, sendo o dito informe de carácter positivo.

5.- Na tramitación do expediente cumpríronse as prescricións legais e regulamentarias vixentes, e, especialmente o disposto no Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores, aprobado por Real Decreto Lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, a Ley 56/2003, de 16 de decembro, de Emprego, modificada pola Lei 35/2010, do 17 de setembro, de medidas urxentes para a reforma do mercado de traballo, o citado Real Decreto 1796/2010, do 30 de decembro, polo que se regulamentan as Axencias de Colocación e a Ley 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

6.- Unha vez examinado o expediente e a documentación achegada pola entidade solicitante, considerase que cumpre con carácter xeral os requisitos esixidos pola normativa aplicable.

7.- Esta Dirección Xeral é competente para coñecer e resolver este expediente de conformidade co artigo 11 do Real Decreto 1796/2010, do 30 de decembro.

VISTOS os preceptos legais citados e demais de xeral aplicación, e en uso das facultades que lle están conferidas, esta Dirección Xeral de Emprego e Formación

RESOLVE

Conceder á entidade FEAFES GALICIA con NIF/CIF: G15 545 353 a AUTORIZACIÓN como AXENCIA DE COLOCACIÓN, de acordo cos seguintes termos:



Primeiro. A autorización concédese aos efectos de desenvolver as actividades de intermediación laboral previstas no artigo 20 de a Ley 56/2003, do 16 de decembro, de Emprego, e no artigo 2.1 do Real Decreto 1796/2010, do 30 de decembro.

Así mesmo a axencia de colocación poderá desenvolver as demais actuacións relacionadas coa busca de emprego previstas no devandito artigo.

Segundo. A Axencia de Colocación autorizada desenvolverá a súa actividade:

a) Mediante os centros de traballo establecidos na Comunidade Autónoma de Galicia e nas localidade/s que se relacionan a continuación:

CENTROS AUTORIZADOS

LOCALIDADE

DIRECCION DO CENTRO

Santiago de Compostela

R/ Belgrado nº 1 Baixo

b) Calquera modificación na situación dos centros de traballo autorizados ou a apertura de novos centros que non requiran ampliación de autorización do ámbito de actuación, requirirá comunicación ao Servizo Público de Emprego de Galicia, estando suxeita ás actuacións de comprobación, control e inspección que poida efectuar éste.

c) A condición de Axencia de Colocación autorizada así como a relación de centros de atención ao público será obxecto de difusión a través do espazo telemático común no Sistema de Información dos Servizos Públicos de Emprego.

Terceiro. A Axencia de Colocación estará obrigada a:

a) Manter os requisitos e condicións que foron esixidos para a autorización, nos termos contemplados na Memoria-proxecto técnico e demais documentación presentada, durante todo o tempo de desenvolvemento da súa actividade.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR

Dirección Xeral de Formación e Colocación



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

galicia

- b) Garantir ás persoas traballadoras a gratuidade pola prestación de servizos, tanto da intermediación laboral coma daquelas actuacións relacionadas coa busca de emprego, estando incluídas neste último apartado as accións de orientación laboral así como todas aquelas sobre as que a entidade puidese percibir algún tipo de financiamento público.
- c) Non subcontratar con terceiros a realización da actividade de intermediación laboral obxecto desta autorización, agás que se trate doutras axencias de colocación autorizadas.
- d) Garantir os principios de igualdade e non discriminación no acceso ao emprego, o respecto á intimidade e dignidade da persoa traballadora no tratamento dos seus datos, de acordo á normativa aplicable de protección de datos de carácter persoal, así como cumprir coa normativa vixente sobre accesibilidade efectiva e universal das persoas con minusvalidez. Igualmente, velar pola correcta relación entre as características dos postos de traballo ofertados e o perfil académico e/ou profesional requirido.
- e) Elaborar e executar plans específicos para a colocación de persoas desempregadas integrantes dos colectivos prioritarios mencionados no artigo 26 da Lei 56/2003, do 16 de decembro, en coordinación cos Servizos Públicos de Emprego e no marco da planificación xeral que se estableza no Sistema Nacional de Emprego.
- f) Cumprir coa normativa vixente en materia laboral e de Seguridade Social.
- g) Estar suxeita ás actuacións do control e inspección que leven a cabo os servizos públicos de emprego competentes no territorio onde se desenvolva a actividade, así como á actuación da Inspección de Traballo e Seguridade Social e outros órganos de control.
- h) Tendo en conta que a autorización como Axencia de Colocación ten validez para xestionar ofertas de traballo e solicitudes de emprego de todo o territorio español, a entidade virá obrigada a prestar servizo a calquera persoa con independencia da súa residencia e garantindo os principios de igualdade e non discriminación no acceso ao emprego.
- i) Facer constar no desenvolvemento das actividades como axencia de colocación, a condición de autorizada e número de autorización en todo lugar onde figure o seu nome e exclusivamente



naqueles centros de traballo autorizados para actuar como tal. En todo caso farase constar esta información en calquera documento, medio de comunicación ou páxinas web que apareza ou se anuncie, así como nos carteis de identificación tanto interiores coma exteriores dos locais onde desenvolve a súa actividade, folletos, escritos, medios telemáticos e calquera outra forma de comunicación ou publicidade.

j) Levar unha contabilidade separada conforme á normativa establecida nesta materia para todos os gastos ou ingresos derivados da súa actividade como axencia de colocación.

k) Manter nos seus centros de traballo os espazos axeitados, claramente identificados e diferenciados para o desenvolvemento da actividade, debendo dispoñer como mínimo de espazos para información e espera, para atención individualizada á persoa traballadora e para atención grupal. Así mesmo dispoñerá, como mínimo, dun horario de atención ao público de vinte e cinco horas semanais.

l) Os cambios de situación dos centros de traballo deberán comunicarse ao Servizo Público de Emprego de Galicia, debendo de ser autorizado o novo centro antes de que a Axencia de Colocación empece a desenvolver a súa actividade neste.

m) Dispoñer, en cada centro de traballo de atención ao público autorizado, dun número suficiente de persoas para atender axeitadamente aos usuarios en coherencia coa memoria-proxecto técnico presentado. Este número será como mínimo de dúas persoas e polo menos o 50 por cento deberán ser Titulados universitarios medios ou superiores, ou grao equivalente. Así mesmo, polo menos o 50 por cento do persoal técnico que atenda ás persoas traballadoras deberá contar cunha experiencia mínima de 6 meses en programas de emprego e/ou xestión de recursos humanos.

n) Cando a experiencia mínima previa dun ano na execución de programas de emprego e/ou xestión de recursos humanos sexa acreditada respecto do persoal técnico do que estea dotada a entidade, a Axencia de Colocación virá obrigada a manter o devandito persoal durante o primeiro ano de vixencia desta autorización. Calquera modificación na composición deste persoal técnico durante este primeiro ano de vixencia requirirá que as novas persoas contratadas cumpren co



requisito de ter experiencia previa na execución de programas de emprego e/ou na xestión de recursos humanos e será obxecto de comunicación ao Servizo Público de Emprego.

ñ) Disponer de páxina web na que claramente quede identificada a Axencia de Colocación co seu número de autorización. No caso de que a entidade desenvolva calquera outra actividade diferente á de Axencia de Colocación, deberá existir un enlace na súa páxina web principal que dirixa a unha nova páxina onde exclusivamente se traten os seus servizos como Axencia de Colocación.

o) Tanto na páxina web coma nos centros de atención á cidadanía deberá figurar claramente os días e horas en que se poñerá atención ao público.

p) Manter un sistema informático compatible co Sistema de Información dos Servizos Públicos de Emprego que permita acceder ao sitio web determinado no marco do Sistema Nacional de Emprego, así como validar nas comunicacións a súa identidade de forma segura a través do espazo telemático común.

A este respecto, a Axencia de Colocación deberá dispoñer de Certificado Dixital emitido a nome da entidade que solicitou a autorización para operar como tal por unha das Autoridades de Certificación recoñecidas polo Servizo Público de Emprego Estatal.

q) Remitir ao Sistema de Información dos Servizos Públicos de Emprego a través do espazo telemático común, con periodicidade mensual, dentro dos 25 primeiros días do mes seguinte ao que se refiran os datos e exclusivamente por medios electrónicos, a información da súa actividade como Axencia de Colocación.

Esta información se transmitirán en ficheiros con formato XML (Extensible Markup Language) e conterá información individual por cada persoa traballadora atendida, con indicación expresa da data do contrato de traballo se se tivese producido colocación, así como información acumulada sobre estas, incluíndo a referida ás ofertas e postos de traballo captados e cubertos.

A estrutura de datos e o procedemento de transmisión son os recollidos na páxina web do Sistema Nacional de Emprego.



En caso de que a entidade non tivese desenvolvido actividade ningunha como Axencia de Colocación nun mes dado, deberá enviar, en todo caso, o ficheiro XML correspondente, seguindo o formato dispoñible no Documento de Instrucións para o Envío de Información, que se encontra publicado na páxina web do Sistema Nacional de Emprego.

A falta de envío dos informes mensuais durante tres meses consecutivos ou de 4 informes no período de 6 meses poderá dar inicio ao procedemento administrativo de extinción.

r) Enviar ao Sistema de Información dos Servizos Públicos de Emprego a través do espazo telemático común, dentro do primeiro trimestre de cada ano e exclusivamente por medios electrónicos, a información da súa actividade como Axencia de Colocación no ano anterior.

Esta información se trasmitirá en ficheiros con formato XML e conterá a información agregada anual segundo a estrutura de datos e procedemento de transmisión sinalados na páxina web do Sistema Nacional de Emprego.

s) A Axencia de Colocación deberá presentar con periodicidade anual, e dentro do primeiro trimestre de cada exercicio, unha Memoria das actividades desenvolvidas no exercicio anterior, coa información relativa aos indicadores de eficacia, que contemplarán, polo menos:

- . Os indicadores de eficacia que figuran no ficheiro acumulado anual.
- . Información sobre a súa actividade económica, en contabilidade separada, cos ingresos e gastos derivados da súa actividade como Axencia de Colocación.
- . Número e características do persoal que traballou na entidade durante o ano que se informa.

O envío da Memoria realizarase a través do espazo telemático común no Sistema de Información dos Servizos Públicos de Emprego. O procedemento de transmisión é o recollido na páxina web do Sistema Nacional de Emprego, no Documento de Instrucións para o envío da información.

t) A Axencia de Colocación, por requirimento da persoa que utilizou os seus servizos, deberá emitir un certificado no que conste o nome da Axencia de Colocación, o seu número de



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR

Dirección Xeral de Formación e Colocación



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

galicia

autorización, o nome e o DNI/NIE da persoa atendida, así como a data de inscrición desta na Axencia de Colocación.

u) A Axencia de Colocación comprométese a cumprir en todo momento as indicacións que o Servizo Público de Emprego estableza para contribuír á mellora do funcionamento do mercado de traballo, o incremento da intermediación laboral, o envío da información ao espazo telemático común do Sistema de Información dos Servizos Públicos de Emprego, así como todas aquelas dirixidas a elevar as oportunidades das persoas desempregadas que posibiliten a súa colocación.

v) Na súa relación tanto cos traballadores coma coas empresas clientas, as Empresas de Traballo Temporal que exerzan a actividade de Axencia de Colocación deberán informar expresamente se a súa actuación o é na condición de Empresa de Traballo Temporal ou Axencia de Colocación.

w) En cumprimento da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, as Axencias de Colocación deberán solicitar o consentimento expreso da persoa atendida para a incorporación dos seus datos persoais ao ficheiro que para tal efecto existe no Servizo Público de Emprego Estatal, onde a persoa interesada poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición.

x) Solicitar autorización para a ampliación do seu ámbito de actuación. No suposto de que a axencia de colocación autorizada pretenda ampliar o seu ámbito de actuación establecendo centros noutras localidades terá que solicitar do Servizo Público de Emprego de Galicia a ampliación da autorización con este fin.

Cuarto. A axencia de colocación desenvolverá a súa actividade de acordo coa metodoloxía de actuación descrita na memoria-proxecto técnico presentada.

Quinto. A Axencia de Colocación comprométese a cumprir en todo momento as indicacións que o Servizo Público de Emprego de Galicia e o Servizo Público de Emprego Estatal establezan para contribuír á mellora do funcionamento do mercado de traballo, ao incremento da intermediación laboral, ao envío da información ao espazo telemático común do Sistema de Información dos



Servizos Públicos de Emprego, así como todas aquelas dirixidas a elevar as oportunidades das persoas desempregadas que posibiliten a súa colocación.

Sexto. Esta autorización ten unha vixencia inicial de 5 anos dende a súa data, podéndose prorrogar de forma indefinida de acordo co disposto no artigo 12 do Real Decreto 1796/2010, do 30 de decembro.

Sétimo. Esta autorización poderá extinguirse nos supostos e nos termos previstos no artigo 14 do Real Decreto 1796/2010, do 30 de decembro:

A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se acompañe ou incorpore a unha declaración responsable ou a unha comunicación previa, ou a non presentación ante a Administración competente da declaración responsable ou comunicación previa, determinará a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou actividade afectada dende o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que houberse lugar (art.º 71bis.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común)

NOTIFÍQUESE a presente resolución ao interesado de conformidade co que establecen os artigos 58 e 59 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común..

Esta resolución pon fin á vía administrativa e contra ela poderase interpor recurso contencioso-administrativo ante a sala do contencioso administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da notificación desta resolución, segundo o previsto no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.

Potestativamente e con anterioridade á interposición do citado recurso contencioso-administrativo poderá interpoñerse recurso de reposición ante o mesmo órgano que dictou o acto no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da súa notificación de acordo co establecido no artigo 116, seguintes e concordantes, da Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de modificación da Lei 30/1992, do



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR

Dirección Xeral de Formación e Colocación



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

galicia

26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Santiago de Compostela, 08 de novembro de 2013

A directora xeral de Emprego e Formación

Ana María Díaz López

